

ACORDO SOBRE AS MEDIDAS FACILITADORAS PARA A XUBILACIÓN
VOLUNTARIA DO PROFESORADO PERTENCENTE AOS CORPOS
DOCENTES UNIVERSITARIOS

(Consello de Goberno do 09/05/05)

O profesorado en servizo activo dos corpos docentes universitarios que solicite a xubilación voluntaria por cumprir as condicións e requisitos esixidos para iso na lexislación vixente, terá dereito a percibir unha indemnización nos termos establecidos no presente acordo:

1. A contía íntegra da indemnización determinarase do seguinte xeito:
 - a. Calcularase a diferenza entre a contía íntegra anual da pensión máxima do sistema de seguridade social fixada na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado e as retribucións brutas anuais do/a profesor/a (excluídas as percepcións por cargos académicos) para o ano en que se produza a xubilación.
 - b. A indemnización íntegra anual será actualizada, no seu caso, os anos sucesivos tendo en conta o importe anual da pensión máxima do sistema de seguridade social fixado na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado e as retribucións que corresponderían ao profesor afectado unha vez aplicada ás mesmas a porcentaxe de incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público que determine a devandita lei de orzamentos.
2. A cantidade correspondente á indemnización anual percibirase mensualmente rateando a súa contía en doce pagas.
3. O dereito a percibir a indemnización existirá durante o tempo no que o profesor/a perciba a pensión de xubilación e, como máximo, ata a data de cumprimento da súa xubilación forzosa.
4. Os/as profesores/as que desexen ser beneficiarios/as da medida que se regula neste acordo deberán formalizar, de conformidade co establecido no artigo 1 R.D. 1859/1995, de 17 de novembro, solicitude de xubilación voluntaria tres meses antes da data na que se acade a idade correspondente. En todo caso, a efectividade da xubilación estará referida, en cada caso, á finalización do curso académico.
5. Para os efectos da súa previsión nos orzamentos da Universidade de Vigo, realizaranse consultas con antelación suficiente aos profesores/as que puidesen ser beneficiarios desta indemnización por estar en condicións de solicitar a xubilación voluntaria. Estas consultas terán carácter meramente informativo e realizaranse sen compromiso ningún para o profesorado.